

# Bases que rexerán a selección en 2019 da dirección da Banda Sinfónica Galega

## 1. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a selección da praza de dirección da Banda Sinfónica Galega para o ano 2019.

## 2. Quen pode presentarse

Terá a posibilidade de participar nesta convocatoria toda aquela persoa que:

- Estea en posesión do título de Grao Superior de Música ou equivalente. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán presentar a credencial que acredite a súa homologación.
- Posúa a capacidade física e psíquica necesaria para o desenvolvemento das súas funcións.
- Dispoña do certificado negativo de Delitos de Natureza Sexual, conforme á Lei 26/2015 do 28 de xullo.

## 3. Inscripción

A inscrición estará aberta entre o **15 e o 31 de maio** e realizarase cubrindo os datos solicitados no [formulario](#)<sup>1</sup> correspondente.

Rematado o prazo, a Federación informará de calquera tipo de incidencia no proceso de inscrición. Habilitarase un prazo de 2 días hábiles para a presentación de incidencias, tras os que a Federación procurará dar resposta nun prazo inferior a 3 días hábiles.

## 4. Valoración

A Federación delega a potestade avaliativa para o proceso de selección nunha comisión técnico-artística, creada expresamente para tal fin, que valorará as propostas mediante os seguintes apartados:

1. Currículo como director/a
  - a. Experiencia musical como director/a
  - b. Experiencia como docente de dirección
  - c. Formación: titulación académica de carácter oficial en dirección
  - d. Cursos de formación e perfeccionamento en dirección

---

<sup>1</sup> Formulario: <https://forms.gle/KnVBJN5NNzfx3YZQ8>

- e. Participación en calidade de director/a en certames provinciais, autonómicos, nacionais ou internacionais
2. Outra experiencia e formación
3. Proxecto musical: consistirá nunha análise persoal e orixinal no que se recollerá o Proxecto de organización, funcionamento, actuación e promoción da Banda Sinfónica Galega para o encontro a celebrar en Agolada, onde se deberán interpretar as obras obrigadas das seccións terceira, segunda e primeira do Certame Galego. Deberá presentarse como documento adxunto en formato PDF ao realizar a solicitude de participación. Terá unha extensión máxima de 2000 palabras.
4. Práctica: achegarase enlace dun vídeo no que se amose a súa labor dirixindo unha formación (en YouTube ou plataformas similares)

A puntuación total de cada aspirante será a suma dos puntos obtidos na totalidade de apartados. A persoa que obteña a maior puntuación será seleccionada para dirixir a banda, establecéndose unha lista de reserva entre os restantes ordenada segundo a cualificación total obtida.

A Comisión Técnico-Artística comunicará a súa proposta de designación de Director/a e reservas á Xunta Directiva da FGBMP para a súa aprobación e comunicación.

## 5. Relación coa Federación

As funcións a desenvolver pola persoa seleccionada serán:

- Dirixir o encontro, os ensaios parciais e xerais, e as actuacións da Banda Sinfónica Galega que se desenvolverá do 26 ao 29 de xuño de 2019 en Agolada e o concerto a realizar o 30 de xuño na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela (prorrogable a calquera outra actividade desta banda que se poida realizar en 2019).
- Programar e coordinar as actividades da Banda en colaboración co Equipo Directivo.
- Asistir aos actos vinculados coa Banda que sexan requiridos pola Xunta Directiva da Federación Galega de Bandas de Música Populares (roldas de prensa, encontros de traballo, reunións, etc.)
- Colaborar co director da Banda Sinfónica Xuvenil Galega e cos Directores Artísticos dos restantes proxectos da entidade.

Poderase solicitar, se for preciso, certificacións de colaboración no proxecto da Banda Sinfónica Galega.

A retribución polo proxecto do 26 ao 30 de xullo será de 500 € coas correspondentes deducións segundo a lexislación aplicable.

## 6. Información e contacto

Esta convocatoria será remitida a todas as bandas federadas e estará dispoñible nas redes sociais da Federación, xunto co enlace para a inscrición das persoas interesadas en participar no proceso selectivo.

Os/as candidatos/as poderán consultar as súas dúbidas no correo electrónico [sinfonica@bandas.gal](mailto:sinfonica@bandas.gal) ou no teléfono 607072653.

## 7. Aceptación das bases

A inscrición neste proceso selectivo implica a completa aceptación das súas bases.

Os compoñentes da Comisión velarán polo cumprimento das presentes bases. As dúbidas ou reclamacións que puideran orixinarse coa interpretación da súa aplicación serán resoltas por esta comisión, dando conta das mesmas á Xunta Directiva da Federación. En calquera caso, velarase pola interpretación que mellor garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade dos aspirantes.

A organización resérvase o dereito a adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nestas bases por razóns de forza maior. As decisións tomadas pola Comisión na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable pola propia Comisión.